

GALEGO



CURSO

AGUZAR O OÍDO

23 claves para escuchar a modernidade

16 outubro 2013 – 30 abril 2014

PROGRAMA ACTUALIZADO

Bloque 3

Sesión 16 (mércores 5 marzo)

Música no abismo: *Doktor Faustus*

Relator invitado: **Enrique Gavilán**

Doktor Faustus, la vida del compositor alemán Adrian Leverkühn (1943-47), a obra más polémica de Thomas Mann (1875-1955), é tamén a novela máis importante que se escribiu xamais sobre música contemporánea. Nela formúlanse cuestiós esenciais, e non só sobre estética; entre outras: ¿que produciu o cambio radical da primeira metade do século XX, cuxo arquetipo é o serialismo?, ¿que relación existe entre a paixón alemá pola música e o ascenso do nacional-socialismo?, ¿ofrece a música modelos para “escribir poesía despois de Auschwitz” sen caer na pornografia, na inxenuidade ou na barbarie?

Enrique Gavilán Domínguez é profesor de Historia medieval na Universidad de Valladolid, membro do grupo Sagunto, Grupo de investigación e acción teatral da Universidad de Valencia, e profesor invitado na Universidade de Bayreuth, Alemaña. O seu traballo céntrase na teoría da historia; en particular, as relacións entre teatro e historia. Entre as súas publicacións destaca a edición española de *Sociología de la religión* de Max Weber, así como *Escúchame con atención. Liturgia del relato en Wagner* (2007). Enrique Gavilán é autor de *Otra historia del tiempo* (2008) e *Entre la historia y el mito: El tiempo en Wagner* (2013), publicados pola editorial Akal.

Sesión 17 (mércores 12 marzo)

Sons do más acá. Espazo interior, espazo exterior e desvaríos da escucha

Relator invitado: **Ramón del Castillo**

Profesor titular da UNED, especializado en Filosofía contemporánea e estudos culturais, Ramón del Castillo desenvolveu un amplio labor como difusor da música do século XX colaborando con entidades como a Escuela de Estudios Orquestales da Fundación Barenboim-Said, Radio Clásica de RTVE, Orquesta e Coro Nacional de España, Joven Orquesta Nacional de España, Centro para la Difusión de la Música Contemporánea, Teatro Real, Vicerrectorado de Extensión Universitaria da UNED, e cursos de difusión musical da Universidad de Cádiz, así como con distintos festivais. Dirixiu, entre outros, dezasete programas que RNE Radio Clásica dedicou ao compositor estadounidense Elliot Carter e ‘Sonidos, furias, ecos. Filmar la música y los músicos del siglo XX’, un ciclo de conferencias e proxeccións sobre música filmada, en CaixaForum (Barcelona). Actualmente imparte conferencias para o Master de Composición Electroacústica do Centro Superior de Enseñanza musical Katarina Gurska. Entre as súas publicacións, ‘Dichoso Ruido’, e ‘Prestar oído’ (sobre os libros de Alex Ross), ‘Piano, piano’ (sobre a música de piano na Nova York do século XX), ‘Sueño terminal’ e ‘El perfecto europeo’ (sobre a ópera *The Perfect American*, de Philip Glass) e ‘La idea de diálogo’, sobre Glenn Gould (para o ciclo ‘Diálogos’ da OCNE).

GALEGO

Sesión 18 (mércores 19 marzo)

O intérprete ante o espello

Relatoras invitadas: **Angelica Vázquez Salvi e Emily King**

Como pode un intérprete desenvolver a súa creatividade?, como pode abrirse camiño dentro do mundo contemporáneo?, como adaptarse a distintas propostas artísticas?, que pasos debe seguir para chegar a sortear calquera situación ou oportunidade performática que se lle presente coa maior seguridade e destreza posibles?, cales son as vantaxes dos proxectos en colaboración?

'VIVO'. Peza para arpista e masaxista (40')

Angelica Salvi e Emily King presentan 'Vivo' para arpista e masaxista; unha composición para 4 mans e un oínte/receptor. A peza está dividida en varias partes e narrativas de acordo coas distintas partes do corpo nas que se realiza a masaxe. Consta dunha estrutura determinada representada a través dunha partitura gráfica, dando espazo en determinados momentos para a improvisación, que se adaptará a cada oínte, para que a experiencia sexa o máis persoal posible. A reacción do oínte en tempo real influirá en factores como o tempo ou a intensidade. Esta peza non debe ser entendida como unha terapia por principio, senón como unha proposta universal co obxectivo de relaxarse e sentir a conexión dos sons producidos pola intérprete con cada un dos xestos e movementos realizados pola masaxista.

Emily King estudiou masaxe na Escola de Masaxe de Biopulse, Francia, onde obtivo o seu certificado profesional en 2008. Dende entón traballou de xeito independente, desenvolvendo un estilo persoal que combina as súas influencias e inspiracións artísticas coas escalas técnicas e altos estándares desta arte dedicada ao confort humano e á saúde. A través dos seus talleres e colaboracións, explora estratexias creativas contemporáneas de masaxe por medio dun traballo na autoconfianza e o benestar. Vive entre Oporto e París.

Angelica Vazquez Salvi é unha arpista española que reside en Porto, Portugal. Finalizou os seus estudos de arpa clásica no Real Conservatorio Superior de Madrid, estudou Jazz en Arizona (USA) e realizou dous masters no Real conservatorio de La Haya (Holanda) especializándose en música contemporánea e experimental. É profesora de arpa do conservatorio de música de Oporto e dirixe o proxecto *Female Effects*. Actualmente colabora con diversas orquestras sinfónicas e é membro de Vertixe Sonora Ensemble.

Sesión 19 (mércores 26 marzo)

Breve Historia da Música Electrónica, I: 'a versión oficial'

Relator invitado: **Ángel Faraldo**

Nesta primeira charla dedicada á Historia da Música Electrónica faremos un percorrido polas obras más importantes do xénero, coa intención de revelar os presupostos, características, métodos e preocupacións fundamentais na orixe e evolución deste medio.

Ángel Faraldo (Ferrol, 1980) é un músico experimental comprometido coa creación, a promoción e o ensino da música actual. Activo como compositor e improvisador, a súa obra complétase con instalacións sonoras, accións site-specific e deseño de son para teatro, danza e ópera. Está interesado na exploración sistemática de procesos que maximizan recursos mínimos, como se materializa no seu ciclo *The Feedback Study Series* (2010-2013), o seu sintetizador dixital *MISS* (2009) ou a súa concepción da *no-input mixer*. Ten colaborado con colectivos como POW Ensemble, Opera2day ou Modelo62 e artistas da talla de Ana Ladas, Matteo Marangoni, Ezequiel Menalled, Tanja Smit, Yolanda Uriz ou Raoul van der Weide. O seu traballo estivo presente en festivais e centros de Europa e Norteamérica, tales como Deep Wireless (CA), Spark (USA), Audio Art (PL),

GALEGO

Gaudeamus Muziekweek, November Music, STEIM, Bimhuis, Koninklijke Schouwburg (NL), Biennial of Contemporary Music Koper (SI), SINKRO, In-Sonora, Via-Stellae, CGAC (ES), ElectroMediaWorks (GR), Le104 (FR) ou The Vortex (UK). Ademais, desenvolve un intenso labor como intérprete e realizador de música electrónica en vivo dende Vertixe Sonora Ensemble e dedícase ao asesoramento e desenvolvemento de ferramentas dixitais para instrumentistas e compositores. Dende 2010 é director do Instituto Galego de Sonoloxía, dende onde realiza labores de difusión e formación a través de concertos e obradoiros. Estudou no Real Conservatorio de Música de Madrid e no Instituto de Sonoloxía de La Haya (NL). Actualmente é estudiante doctoral no Music Technology Group, Universitat Pompeu Fabra, Barcelona.

Sesión 20 (mércores 2 abril)

Breve Historia da Música Electrónica, II: ‘as outras Historias’

Relator invitado: **Ángel Faraldo**

Nas ‘outras Historias’ faremos un percorrido pola historia da música electrónica experimental, en busca de claves para entender numerosas prácticas musicais contemporáneas, como a electrónica en vivo, o circuit-bending ou o DIY

Sesión 21 (mércores 9 abril)

A invención da ópera moderna: *Wozzeck* e *Lulu* de Alban Berg

Relator invitado: **Luis Gago**

Nacido en Madrid, Luis Gago formouse na Universidad Complutense e no Conservatorio Superior de Música de Madrid. Foi Subdirector e Xefe de Programas de Radio 2 (RNE), membro do Grupo de Expertos de Música Seria da Unión Europea de Radiodifusión, Coordinador da Orquesta Sinfónica de RTVE, Editor do Teatro Real, e escribe habitualmente en *El País*. Realizou programas de radio para a BBC e é autor de numerosos artigos, monografías e notas ao programa, do libro *Bach* e da versión española do *Diccionario Harvard de Música*, ambos os dous publicados por Alianza Editorial. Traduciu *La música y sus instrumentos*, de Robert Donington; *El códice musical de Las Huelgas*, de Nicolas Bell; *El Códice 25 de la Catedral de Toledo*, de Michael Noone; *Música y músicos en la corte de Fernando el Católico*, de Tess Knighton; *La interpretación histórica de la música*, de Colin Lawson e Robin Stowell; *El piano. Notas y vivencias e Música y sentimiento*, de Charles Rosen; *Bach, una herencia obligatoria*, de Paul Hindemith; *De Madonna al canto gregoriano*, de Nicholas Cook; *Apuntes biográficos de Joseph Haydn*, de Georg August Griesinger; *El ruido eterno e Escucha esto*, de Alex Ross. Traduciu tamén os libretos de máis dun cento de óperas e oratorios, de Claudio Monteverdi a Wolfgang Rihm, incluídas as dez grandes óperas de Richard Wagner e un gran número de Lieder alemás. Colabora habitualmente con The Royal Opera House, Covent Garden (Londres), editou o libro *Falla-Chopin. La música más pura*, e escribiu e editou, para la Orquesta Nacional de España, os volumes monográficos dedicados á música da Viena de 1900, a inspirada polo *Fausto* de Goethe, o ciclo titulado *Mirada a Oriente*, un libro monográfico sobre o compositor estadounidense Elliott Carter e, en 2013, un libro titulado *Diálogos*. Impartiu clases na Academia de Estudios Orquestales da Fundación Barenboim-Said (Sevilla); é editor de *Revista de Libros* e director artístico do Liceo de Cámara da Fundación Caja Madrid. É o comisario da exposición conmemorativa do 25º aniversario do Auditorio Nacional de Música de Madrid.

Sesión 22 (mércores 23 abril)**A escoita e a memoria**Relator invitado: **Álvaro Guibert**

Se toda obra de arte é un mundo, unha creación que transcorre en paralelo á outra, á do Xénese, entón a apreciación artística require da memoria, a primeira das vellas potencias do alma, para a correcta avaliación dese paralelismo. Ademais, e por motivos diferentes, na música a memoria o é todo. A batalla musical da modernidade librouse no campo da memoria.

Álvaro Guibert (Madrid, 1959) é Director de Contenidos da Fundación Albéniz, crítico musical do diario *La Razón*, da revista *El Cultural*, onde mantén o blog "Qué raro es todo", e colaborador habitual de diversas publicacións. Tamén dirixiu e presentou en RNE Radio Clásica os programas 'Hoy como ayer' e 'A la orilla'. Álvaro Guibert xa practicara a crítica musical en *ABC*, en *Diario 16*, e en revistas especializadas. Ten impartido conferencias e seminarios en Francia, Italia, Alemaña, Estados Unidos, e en institucións españolas como o Teatro Real, a Real Academia de Bellas Artes de San Fernando ou as Universidades de Granada, de Zaragoza e do País Vasco, entre outras. Deseñou e presentou concertos didácticos na Orquesta Nacional de España, Orquesta de RTVE, Orquesta Filarmónica de Gran Canaria e outras moitas. Foi coordinador do Centro para la Difusión de la Música Contemporánea, e xerente do Festival de Teatro Clásico de Almagro. Ata 1995 desenvolveu en España e no extranxeiro a súa vocación como compositor. Foi finalista do Premio SGAE para Nuevos Compositores e recibiu encargos de diversas orquestras, intérpretes e institucións. Paralelamente á súa formación musical, licencióuse en Ciencias Biolóxicas na Universidad Complutense, carreira que, con todo, non exerceu nunca. Actualmente dirixe o programa "Música viva" en RNE Radio Clásica.

Sesión 23 (mércores 30 abril)**Helmut Lachenmann e Salvatore Sciarrino, dous xeitos complementarios de entender a composición**Relator: **Emilio Ledo**